

## INFORME SOBRE O IMPACTO DAS MINICENTRAIS HIDROELÉCTRICAS ACTUALMENTE EN CONSTRUCCIÓN NO CURSO BAIXO DO RIO XALLAS SOBRE A FLORA VASCULAR E AS COMUNIDADES VEXETAIS AMEAZADAS

Este informe técnico ten como obxectivo describir o impacto das minicentrales hidroeléctricas actualmente en construción no curso baixo do río Xallas (Saltos de Fervenza II, Ponte Olveira II e Novo Castrelo) nos concellos de Dumbría e Mazaricos (A Coruña), sobre as plantas ameazadas de extinción e determinadas comunidades vexetais especialmente sensibles catalogadas como “Hábitats de interese comunitario” ou mesmo “Hábitats prioritarios”, protexidas pola lexislación autonómica, estatal e europea.

A continuación indícanse as comunidades vexetais e especies que están a ser ou poden ser afectadas:

### COMUNIDADES VEXETAIS:

1. Bosque de carballos da asociación vexetal *Rusco aculeati-Quercetum roboris* catalogado como hábitat natural de interese comunitario pola directiva europea “Hábitats” e, polo tanto, susceptible de consideración cara á súa conservación (hábitat 9230: carballeiras galaico-portuguesas de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*).

Na contorna da Central de Ponte Olveira II, por efecto das obras alí desenvolvidas, produciuse unha deforestación importante que afecta a máis dunha hectarea de bosque de carballos que ven ser continuación da grande Devesa de Anllares cuxo núcleo principal está situado a pouco máis dun quilómetro de distancia. Este é un bosque autóctono pertencente á asociación vexetal galaico-portuguesa *Rusco aculeati-Quercetum roboris* que se corresponde co hábitat 9230 (carballeiras galaico-portuguesas de *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*), protexido pola directiva europea “Habitats” (Directiva 92/43 of the Council of the European Community on the conservation of Habitats and Wild Fauna and Flora, 1992). Para alén do propio valor deste tipo de bosque desde o punto de vista da conservación, esta contrastado que na bacía do río Xallas esta carballeira leva asociadas no seu sotobosque dúas especies de fentos (pteridófitos) consideradas vulnerables (VU) e que están protexidas pola lei ao estar recollidos no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007, DOG 89, 19 de Abril): *Dryopteris aemula* (sobre a poboación deste pteridófito ameazado de extinción hai testemuñas da identidade e a localización precisa de individuos desta especie no Herbario SANT, Universidade de Santiago, SANT 38543, 38542) e *Dryopteris guanchica* (SANT 33563, 35648, 40827, 54274). A presenza destas dúas especies foi rexistrada *in situ* nos límites do bosque coa área afectada polas obras da Central de Ponte Olveira II o que constata a súa presenza no bosque destruído e, polo tanto, a perda dun número indeterminado, aínda que con probabilidade importante, de individuos destes dous pteridófitos.

Na contorna do encoro de Novo Castrelo, por efecto das obras que se desenvolven na actualidade, tense producido igualmente unha deforestación apreciable (sobre 8000 m<sup>2</sup>) do mesmo tipo de bosque natural de *Quercus robur* que constitúe o extremo noreste do núcleo principal da Devesa de Anllares. Ao igual que se indicou para a Central de Ponte Olveira II, este proceso de deforestación amais da propia afectación a un hábitat protexido, produciu con alta probabilidade un efecto negativo adicional sobre as poboacións dos fentos ameazados *Dryopteris aemula* e *D. guanchica*.

2. Bosque de ribeira da asociación vexetal *Senecio bayonensis-Alnetum glutinosae* catalogado como hábitat natural de interese comunitario pola directiva europea “Hábitats” e, polo tanto, susceptible de consideración cara á súa conservación (hábitat prioritario 91E0: bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*).

Na contorna da Central de Ponte Olveira II destruíuse unha extensión duns 400 m lineais deste bosque de ribeira ao longo da marxe sur do río Xallas.

Na contorna de Central de Novo Castrelo destruíuse unha extensión duns 300 m lineais deste bosque de ribeira ao longo da marxe sur do río Xallas.

3. Matogueira da asociación vexetal *Ulici europaei-Ericetum cinereae* catalogada como hábitat natural de interese comunitario pola directiva europea “Hábitat” e, polo tanto, susceptible de consideración cara á súa conservación (hábitat 4030: queirogais secos europeos).

Na contorna de Central de Novo Castrelo destruíuse unha extensión superior a 4000 m<sup>2</sup> desta matogueira de ribeira ao longo da ladeira norte do río Xallas.

#### ESPECIES VEXETAIS:

1. *Dryopteris aemula*, especie vulnerable (VU) protexida polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas de ámbito autonómico.

A deforestación do bosque de carballos da asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris* acontecida na contorna da Central de Ponte Olveira II levou aparelada a destrución dun número indeterminado de individuos desta especie protexida polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007, DOG 89, 19 de Abril). A súa presenza foi rexistrada *in situ* nos límites do bosque coa área afectada polas obras da Central de Ponte Olveira II o que constata a súa presenza no bosque destruído.

A destrución deste mesmo tipo de bosque acontecida na contorna do encoro de Novo Castrelo produciu con alta probabilidade un efecto negativo similar sobre a poboación deste pteridófito ameazado de extinción (SANT 38543, 38542).

2. *Dryopteris guanchica*, especie vulnerable (VU) protexida polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas de ámbito autonómico.

A deforestación do bosque de carballos da asociación *Rusco aculeati-Quercetum roboris* acontecida na contorna da Central de Ponte Olveira II levou aparelada a destrución dun número indeterminado de individuos desta especie protexida polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007, DOG 89, 19 de Abril). A súa presenza foi rexistrada *in situ* nos límites do bosque coa área afectada polas obras da Central de Ponte Olveira II o que constata a súa presenza no bosque destruído.

A destrución deste mesmo tipo de bosque acontecida na contorna do encoro de Novo Castrelo produciu con alta probabilidade un efecto negativo similar sobre a poboación deste pteridófito ameazado de extinción (SANT 38541).

3. *Narcissus cyclamineus*, especie vulnerable (VU) de interese comunitario que require unha protección estricta de acordo coa directiva europea “Habitats” e o Real Decreto 1997/1995 e tamen protexida polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Este endemismo galaico-portugués de apreciable valor ornamental vive fundamentalmente nas beiras dos ríos tanto en carballeiras como nos bosques de ribeira. Desta especie foran identificadas poboacións na bacía do río Xallas tanto nas proximidades de Santa Comba como de Ponte Olveira e, de acordo co comportamento ecolóxico que adoita ter esta especie nas bacías doutros ríos galegos, resulta altamente probable a súa presenza ao longo das beiras da

meirande parte do río Xallas. Resulta, polo tanto, altamente probable a afección dos procesos de deforestación dos bosques de carballo e de ribeira das minicentrais de Ponte Olveira II e Novo Castrelo a poboacións desta especie ameazada de extinción e protexida por lexislación europea, estatal e autonómica.


4. *Isoetes fluitans*, especie en perigo de extinción (EN) protexida polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Trátase dun pteridófito acuático endémico de Galicia. Vive nos leitos dos ríos e coñécese dos ríos Xallas, Castro, Grande e Tambre, na provincia da Coruña e do río Miño, na comarca da Terra Chá (Lugo). Desta especie téñense localizadas poboacións na área de Ponte Olveira (SANT 47788, tipo nomenclatural desta singular especie; SANT 47151, 61465) e perto da fervenza do Xallas (SANT 36394) o que, pola experiencia acumulada no estudo doutras áreas, permite asegurar a súa presenza no leito do río comprendido entre estas dúas localidades onde precisamente están presentes as minicentrais de Ponte Olveira II e Novo Castrelo. Aínda que o efecto das obras sobre as súas poboacións posiblemente esta a ser pouco relevante sí é moi importante salientar que, por efecto da posta en funcionamento destas dúas minicentrais hidoeléctricas se vai producir unha modificación moi importante do caudal do río similar á que se pode observar, nunha situación semellante, no encoro de Santa Uxía o que pode afectar de xeito moi notable á supervivencia das poboacións desta planta.


Ao anteriormente exposto hai que engadir que as modificacións no caudal do río tamén influen na vexetación bentónica mariña da súa desembocadura e como consecuencia do funcionamento destas minicentrais alteraranse as áreas de distribución e abundancias das comunidades de algas pardas fucáceas intermareais que se atopan na zona. En particular un aumento na variabilidade do caudal do río irá en beneficio das comunidades polihalinas dominadas por *Fucus ceranoides* en detrimento das máis estruturadas de *Ascophyllum nodosum* e *Fucus vesiculosus*.



Javier Amigo Vázquez  
Profesor Titular de Universidade  
Departamento de Botánica, Universidade de Santiago




Ignácio Bárbara Criado  
Profesor Titular de Universidade  
Dep Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía  
Universidade da Coruña



Javier Cremades Ugarte  
Profesor Titular de Universidade  
Dep Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía  
Universidade da Coruña



Luis Navarro Echeverría  
Profesor Titular de Universidade  
Dep. Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo  
Universidade de Vigo



Santiago Ortiz Núñez  
Profesor Titular de Universidade  
Dep. Botánica, Universidade de Santiago



Manuel Pimentel Pereira  
Profesor Axudante Doutor  
Dep Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía  
Universidade da Coruña



Juan Rodríguez Oubiña  
Profesor Titular de Universidade  
Dep. Botánica, Universidade de Santiago



Mª Inmaculada Romero Buján  
Profesor Titular de Universidade  
Dep. Botánica, Universidade de Santiago



Jose María Sánchez Fernández  
Profesor Titular de Universidade  
Dep. de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo  
Universidade de Vigo



Elvira Sahuquillo Balbuena  
Profesor Titular de Universidade  
Dep Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía  
Universidade da Coruña



Antonio Luis Segura Iglesias  
Profesor Titular de Universidade  
Dep. Fisioloxía Vexetal, Universidade de Santiago